



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Pola presente faise pública a parte resolutiva do decreto de 31/10/2022 relativa a SERVIZOS MÍNIMOS durante a folga do SAF convocada para o 02/11/2022 con carácter indefinido:

Primeiro.- Entender por servizos mínimos os servizos necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas, persoais, de saúde, seguridade e de benestar social dos cidadáns. En todo caso, debe quedar garantido o cumprimento das atención e tarefas contempladas como servizos mínimos.

Segundo.- Acordar como servizos mínimos durante a vixencia da “Folga indefinida no Servizo de Axuda no Fogar, a partir do 2 de novembro de 2022” no termo municipal do Concello de Cabana de Bergantiños, aqueles que se presten e desenvolvan, segundo o proxecto de intervención, adicadas a atención de **carácter persoal** na realización das actividades básicas da vida diaria, no tempo necesario, para todas aquelas persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Cabana de Bergantiños.

Terceiro.- En todo caso, debe quedar garantizado o aseo persoal, alimentación e medicación así como as tarefas vitais recollidas no proxecto de intervención.

Cuarto.- En ningún caso, poderánse ver modificados os horarios para a prestación adecuada do servizo.

En consecuencia, corresponde ao persoal técnico responsable da coordinación do Servizo de Axuda no Fogar da empresa adxudicataria, a súa organización, e ao persoal auxiliar o seu desenvolvemento conforme ás indicacións facilitadas polos profesionais anteriores.

Quinto.- Unha vez finalizado a período de folga, a empresa adxudicataria do Servizo de Axuda no Fogar, deberá remitir, na maior brevidade posible, o número de horas e servizos prestado así como os non prestados.

Sexto.- Trasladar á empresa adxudicataria do servizo.

Sétimo.- publicar na sede electrónica para o seu xeral coñecemento.

En Cabana de Bergantiños, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE

José Muíño Domínguez